



## **BANDO**

ASUNTO: NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN.

FAI SABER:

Un ano máis, e como xa resulta de costume nestas datas, este Concello lembra ós veciños e veciñas en xeral, as normas de mantemento das condicións de seguridade para a queima das fogueiras de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 do mes de xuño.

As normas ás que terá que axeitarse a instalación e queima das fogueiras son as seguintes:

1ª.- Presentación no rexistro xeral do Concello da solicitude de celebración da fogueira, **antes do próximo día 18/06/2019 ás 13,00 horas**, facendo constar os seguintes datos das persoas que organizarán o acto e se farán responsables do mesmo:

- Nome e apelidos, D.N.I.
- Enderezo.
- Compromiso de dispor no acto dun teléfono móbil en pleno funcionamento, con indicación na solicitude do seu número.
- Coa documentación achegarase copia do D.N.I. dos responsables.
- A solicitude presentarse no Rexistro Xeral do Concello, especificando nome, enderezo, teléfono e DNI (achegar fotocopia) dos/das responsables, plano de situación con indicación e lugar.

2ª.- **Deberán situarse en zonas idóneas para estes fins.** Non poderán realizarse en terreos que teñan natureza forestal, ou que estean preto deles ou de vexetación susceptible de propagar o lume (Art. 36 da Lei 3/2007, de 9 de abril), nin baixo o arboredo de parques e xardíns.

3ª.- **É obrigatorio presentar** a POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL, cunha cobertura polo importe de 150.000 euros a nome do/a solicitante, achegando conxuntamente o comprobante de estar ó corrente de pago no concello.

4ª.- **A distancia das fogueiras ás casas**, árbores e demais obxectos será de **20 metros como mínimo**. Non deberán situarse coches ou outros vehículos de tracción mecánica a menos da distancia mínima sinalada, nin por suposto, depósitos de combustible ou almacéns de substancias especialmente inflamables. Porase especial coidado de non situalas preto dunha zona forestal, nin baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, e ter conta de que nos arredores non haxan produtos inflamables (ó aireo u almacenados).

5ª.- No suposto de que a fogueira se faga sobre terreos de uso público lousados, asfaltados ou pintadas, os/as organizadores/as encargaranse de protexer o pavimento e pintura cunha capa de area de 10 cm. en toda a superficie da fogueira.

6ª.- **As fogueiras faranse en buracos o máis profundas posibles** e debidamente rodeados de pedras ou nunha pequena gabia.



## **EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui  
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604148

---

7ª.- **Teranse a man mangueiras, extintores** ou cando menos, auga con capacidade para uns 20 cubos, e os correspondentes cubos.

8ª.- **Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos**, aceites ou calquera outra sustancia que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros. **Tamén prohíbese facer fogueiras nas praias** e preto de elementos que constitúen o patrimonio histórico, os efectos de evitar calquera tipo de dano.

9ª.- **O fogo deberá ser pequeno nun primeiro momento**, botarase a leña progresivamente e nunca superarán unha dimensión tal que impida sufocalos coa suficiente rapidez cós medios precisados no apartado sétimo.

10ª.- **Disporase dunha pequena caixa de primeiros auxilios** especialmente equipada para queimaduras.

11ª.- Deberá de terse a **debida precaución de non situarse no lado oposto ó vento**.

12ª.- As fogueiras **quedarán completamente enterradas ou apagadas unha vez rematadas as celebracións**.

13ª.- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romaría populares. Haberán de cumprirse as normativas sectoriais de ruído, lumes, horarios, etc.

14ª.- A organización terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar a Policía Local ou outras Forzas ou Corpos de Seguridade, Protección civil ou Bombeiros.

15ª.- Ó remate da fogueira, e antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidaran que as cinzas queden totalmente apagadas, e procederán á limpeza inmediata do espazo autorizado.

16ª.- Queda prohibida a tirada de fogos de artificio sen a preceptiva autorización.

17ª.- En todos os casos, os/as solicitantes serán responsables directos dos danos que puideran ocasionar a terceiros.

18ª.- De existir algún contratempo darase inmediata conta ós **Servizos de Urgencias e a Policía Local, telf.: 986 603677**.

19ª.- **En caso de ter problemas deben chamar ó 085 ou 112** (chamada gratuíta).

Esta Alcaldía agarda unha resposta positiva no cumprimento do indicado no presente Bando.

O que se fai público para xeral coñecemento da cidadanía do Concello de Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O Alcalde.